



O universal inconfesábel

Os mércores de Fra · Xurxo Sierra Veloso

· Sotelo Blanco. 2006 · 192 páx. · 12

euros

Xurxo Sierra Veloso, ou só o Veloso, o seu alcume no blogmillo, entréganos na súa terceira novela as memorias dun home cunha única certeza: que ha morrer en mércores.

Neste relato ecoan varias voces, pero a más forte é a do Pirandello d'*O falecido Matias Pascal*. Os dous protagonistas comparten profesión, a de bibliotecario; as dúas novelas están presididas por un tema común, a morte; os dous autores botan man dun narrador en primeira persoa que dubida constantemente da súa capacidade para converter a súa vida en literatura; as dúas obras constitúen un exercicio de exploración psicolóxica exhaustiva do personaxe principal.

Porque este relato do Veloso é, sobre todo, un desafío técnico: converter a vida dun ser absolutamente anódino en materia literaria; aínda máis: manter a atención dos lectores desbotando as más elementais regras da narratoloxía. Fra dinos que algo non vai suceder e, efectivamente, non sucede, pero seguimos lendo só pola curiosidade de descubrir se efectivamente «non» sucede e, sobre todo, «como» non sucede. O autor renuncia sistematicamente a crear ningún tipo de expectativa que poida intrigar os que len. Agás unha: será certo que Arturo Fra vai morrer en mércores? O relato convértese, así, nunha especie de Crónica de una muerte anunciada en que o único que importa desa morte –e desa vida– é o día da semana en que vai acontecer.

O que nos fai rematar o libro é o puro pracer de ler, de ver como se lambe o autor para manter o interese cuns presupostos tan minimalistas. E é aí onde xorde un dos principais méritos do libro: o universal inconfesábel. Unha mostra:

“Quen non escouitou nunca no seu interior unha voz que o convida a berrar no

Un dos autores que mellor está a aproveitar a plataforma blog. En reidecotas.blogspot.com, publica por entregas a novela *Os de Silvaescura*

medio dun concerto ou durante a celebración dunha misa? (...)

Non se presenta a gargalada na nosa gorxa xusto cando imos dar o pésame ou nos comunican unha mala nova?”

E non é a nosa vida absolutamente anódina sen a literatura que lle botamos? Aínda nos había quedar un posíbel subterfuxio para tanto nihilismo: o existencialismo. Pero xa o Veloso se encarga de fender esta liña de fuga dende o comezo: Elvira, a metafísica moza de Fra. O autor elimina con ela unha eventual interpretación sartriana mediante unha arma infalíbel: a parodia.

Temos logo unha obra que, nun corsé narrativo tradicional, desafía as regras da arte de contar e fai da nada o algo que nos expresa, e reflicte a desorientación do ser humano mediante un achado técnico digno de amentar: o narrador en primeira persoa nihilisciente. Fra confésanos que o ignora praticamente todo sobre a súa vida.

Xurxo Sierra, o Veloso, apostou forte nesta terceira entrega e gaña. Goethe dixo que a literatura é o único capaz de nos dar a vida mesmo falando da morte. Pois iso.

// Leonardo Fernández